

# Modificación dos estatutos da FANPA 2015

## Motivacións

Cando a actual Xunta Directiva nos presentamos á elección da FANPA xa indicamos que víamos aspectos mellorables nos estatutos vixentes, e nos comprometemos a presentar unha modificación ao longo do noso mandato.

As principais razóns que nos levaron a iniciar a modificación dos estatutos actuais foron:

- A non limitación do número de membros da XD, así como a posibilidade de nomear todos os vogais que se desexen pola XD e con dereito a voto nas Asembleas Xerais.
- Proceso de elección pouco claro e con limitación as candidaturas para dar a coñecer o seu programa.

## Cambios

Os puntos nos que se efectuaron cambios no borrador son:

- Eliminación do voto dos membros da XD nas asembleas si non son delegados dunha ANPA federada.
- Cambio de exercicios por curso escolar a ano natural para adaptarse á realidade da FANPA (a presentación de contas á Asemblea será no primeiro trimestre do ano).
- Os créditos e prestamos de calquera contía deberán aprobarse pola Asemblea (nos actuais os de menos de 18000€ podía pedilos á XD).
- Voto nas asembleas segredo si o pide o 20% dos delegados presentes (nas eleccións a XD sempre segredo en urna).
- Límite á XD de 15 membros (agora se podían nomear un número ilimitado de vogais).
- Eliminación do vicesecretario/a.
- No caso de cese da persoa que ocupa a presidencia, novas eleccións (tamén no caso de cese da metade da súa candidatura).
- Forma de elección de la XD.
  - Agora en dúas fases: candidaturas con listas cerradas (hasta 10 membros incluíndo presidente/a, tesoureiro/a e secretario/a) e listas abertas para elixir o resto de vogais ata completar os 15 membros da XD.
  - Peche de candidaturas 7 días antes de la elección. Publicidade das candidaturas na web e por correo electrónico.
  - Regulación da etapa de transición (ata 21 días) coa XD en funcións e colaboración coa XD entrante (traspaso de poderes).
- Reunións XD cada dous meses (en vez de cada mes).
- Obrigación para a XD de informar dos seus acordos ás ANPA.
- Engadido punto na orde do día das reunións da XD de informe das comisións.
- Aclaración da documentación a aportar ás ANPA que se dean de baixa.
- Nos dereitos dos socios, engadido un punto para garantir a independencia das ANPA e a posibilidade de dirixirse á FANPA e que se lle dea resposta (isto xa estaba nos estatutos anteriores ó 2013).

## Plan de aprobación

1. Presentar en Asemblea os cambios introducidos e dar as explicacións que sexan requiridas.

2. Posteriormente abrir un prazo de tempo para que todas as ANPA poidan presentar propostas de modificación do borrador, e proceder a discutilas.
3. Unha vez acordado un borrador, presentalo nunha Asemblea Xerar Extraordinaria para proceder á súa aprobación.

## Consulta do borrador dos estatutos

Podedes consultar o borrador en:

<http://www.nontedurmas.org/federacion/article/assemblea-6-de-xuno-de-2015>

Pontevedra, 21 de maio de 2015

A Xunta Directiva de FANPA

